



Asunto: Instrucións solicitudes fora de prazo. Escolarización Cambre. Curso 2017/18	Destinatarios: Membros comisión escolarización do Concello de Cambre.
Data: 02/06/17	

Referencia legal: Decreto 254/2012 (DOG-26/12/12) pola que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos; Orde do 12/03/2013 e Instrucións do 13/02/2017 para o curso académico 2017/18.

1. A solicitude (anexo II) **fora de prazo** presentarse no centro indicado en primeiro lugar (Art. 14.5 da Orde)
2. **Iniciado o curso escolar ou finalizado o período de admisión**, a escolarización do alumnado por traslado de domicilio, cambio do lugar de traballo dos proxenitores ou incorporación tardía ao sistema educativo, acreditarase coa documentación prescriptiva: (Art.22)
 - 2.1 Certificado do **padrón ou volante municipal** acompañado dun **documento** expedido pola entidade empregadora xunto cunha **copia do contrato** de traballo.
 - 2.2 **Alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social.**
 - 2.3 Contrato de **aluguer ou compra.**
3. No suposto dunha solicitude de escolarización derivada de **acoso escolar ou violencia de xénero**, corresponderá á inspección educativa verificar a realidade da situación alegada e, de ser o caso, adoptar as medidas necesarias para a inmediata escolarización do alumnado afectado noutro centro docente (Art. 45.2 e 46.3)
4. Os centros, no suposto de que non dispoñan de vacantes, informarán aos solicitantes para que fagan constar **outras opcións** na solicitude (Art. 14.6).
5. **Non se considerará a solicitude non acompañada dos documentos prescriptivos necesarios.**



6. Procedemento

6.1. A dirección ou persoa responsable, informará por **correo electrónico e simultaneamente** ao presidente (j.carlosvarela@edu.xunta.es) e ao secretario (jreiriz@edu.xunta.es) da comisión de escolarización sobre a solicitude, indicando nome, apelidos, número de vacantes e se presenta ou non a documentación prescriptiva.

6.2. Se non houbera vacantes no centro solicitado en primeiro lugar, enviarse toda a documentación **ao secretario da comisión, non ao presidente.**

6.3. Se a solicitude ten o **informe favorable** da dirección, o presidente da comisión resolverá favorablemente, enviándoa simultaneamente ao Centro e ao secretario da Comisión.

7. Estas instrucións publicaránse no **taboleiro de anuncios do centro e na súa páxina web.**

Presidente

Juan Carlos Varela Vázquez



Secretario

Juan Reiriz Vargas

Membros da Comisión